



/ O que fixemos... /

Festival de Nadal

A fin de semana do 20 e 21 de decembro estivo cargada de eventos e celebracións. Para comezar, o sábado ás 17h tivo lugar o Festival de Nadal Tanxedoira no Centro Cívico de Eirís. Por primeira vez en moito tempo tivemos que colgar o carte de "Aforo Completo". Mais, por sorte, apretándonos unha migia conseguimos facer sitio para todo o mundo. Daba gusto ver o local tan cheo.

Este ano tivemos unhas presentadoras de luxo, que nos ensinaron a cociñar unha riquísima receita de Nadal. E, como cada ano, contamos coas actuacións do Coro e da Rondalla. Ademais, os alumnos de guitarra (que por pouco non caben dentro de escea todos xuntos de tantos que eran) deleitáronos con dúas panxoliñas: Pelo roxiño, peza popular galega; e En Navidad, tema que popularizou a cantante canaria Rosana. A verdade é que deberon gustar, porque a xente quedou con gañas de máis. Tamén tivemos a sorte de asistir a un monólogo creado e posto en escea por Rosario Barros, integrante do Grupo de Teatro. Para finalizar o festival, tamén se sortearon as cestas para adultos e nenos, ademais de entregar os premios do concurso de postais de Nadal, que neste ano recaeron en Sofía Amor Manteiga e Gala Robles Vázquez, nas categorías infantil e adulto, respectivamente ■



XII Festival de panxoliñas de Arteixo

O Festival de Nadal non foi o único evento da tarde do sábado 20 de decembro, xa que, ao rematar en Eirís os membros da Rondalla e o Coro tiñan unha cita ineludible cos asistentes do XII Festival de Panxoliñas de Arteixo. Esta actuación non sería posible sen a axuda do noso amigo Gonzalo García, Presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Arteixo e expresidente da nosa Tanxedoira. A el agradecémoslle profundamente a súa invitación e por ter contado con nós para compartir un evento tan especial. Na escea do Centro Cívico, as agrupacións musicais de Tanxedoira compartiron tablas co Grupo Municipal de Maiores de Canto A Baiuca, que quixeron deleitar ao público asistente con panxoliñas populares.

As actuacións foron todo un éxito, mais como colofón final houbo unha actuación conjunta e sorpresa dos coralistas da Baiuca e Tanxedoira, que entre ambas as dúas agrupacións agasalláronnos cunha improvisada interpretación da coñecida panxoliña Adeste Fideles.

Despois do festival, a agrupación arteixá ofreceunos uns petiscos para repor forzas e, como ven sendo frecuente entre os Tanxedoir@s, non podíamos deixar pasar a oportunidade de amenizar a inxesta de alimentos cunhas cantas cancións, como se non fora suficiente xa. ■



Actuación Centro de Maiores Sanitas

Por se os eventos do sábado 20 non foran suficientes, o domingo 21 de decembro, ás 18:00h, o coro Tanxedoira cumpría coa súa visita ao Centro de Maiores Sanitas da Coruña. O coro interpretou as súas mellores panxoliñas e algunas sorpresas para entreter aos máis maiores nesta tarde previa e próxima ao Nadal. Despois de grandes pezas como *Verbum caro factum est* ou *San Jose al Niño Jesús*, David Loureiro, director do Coro Tanxedoira, facíase cunha guitarra e invitaba aos residentes a cantar coa nosa agrupación unhas cantas panxoliñas populares, para sorpresa dos asistentes. A idea tivo tan boa acollida, que ao final o público tomou as rendas da actuación, cantando, batendo palmas e pedindo bises. Tanto foi así, que a tarde derivou en todo tipo de cancións do agrado do público, lonxe xa do ámbito do Nadal, aínda que ese espírito estivo presente en todo momento. Sinceramente, este foi o mellor broche que podíamos imaxinar para esta fin de semana de música e ledicias.

Grazas a tod@s os que participastes e desfrutastes destes eventos. Isto débese a vós e para vós se fai ■



Chocolatada

Que mellor maneira de despedir o ano que cun chocolate con churros?

Esta é a forma en que os Tanxedoir@s despiden un ano cheo de actuacións, festivais e unha morea de bos momentos para a lembranza.

A iniciativa de facer a chocolatada xurdiu como pretexto para reunírmonos e celebrar xuntos estas datas tan especiais. A xente respondeu de xeito moi positivo apuntándose de contado ao evento. O día 28 de decembro xuntámonos no local para que, tanto pequenos como maiores, lamberan os dedos co chocolate con churros mentres botaban unhas risadas. Había material a fartar, así que despois de servir a todos os asistentes aínda houbo quen puido repetir, que para iso estamos en Nadal.

Unha vez cheos coma pepes, os más pequenos, e algún maior, divertíronse xogando ao tenis de mesa, mentres o resto de asistentes entretíñanse recordando vellos momentos ou mesmo impartindo unhas clases improvisadas de ganchillo e mus aos novos.

Así, entre doces e amigos, remataba o ano en Tanxedoira. Agardando que o 2015 sexa aínda mellor ■



Carmen Paz

Actuación na igrexa de Santa María de Oza

Sábado 13 de decembro de 2014.

Non podíamos faltar á cita do Nadal na igrexa de Santa María de Oza e alí fomos. Foi a primeira actuación do Coro e da Rondalla en público desde que David Loureiro se fixera cargo da dirección e resultado preocupábanos, mais a realidade evaporou todas as dúbidas. A igrexa puxo sonoridade a voces e instrumentos. Que ben soaron as panxoliñas! Verbum caro factum est, African alleluia, San José al Niño Jesús, etc. Que interesantes as melodías da rondalla! Danza, Poupeé de cire, When I'm sixty-four, etc.

Os sorrisos e os aplausos do público, máis numeroso que en anos anteriores, deron calor á tarde-noite de inverno e a música fixo o resto. Foi un éxito ou polo menos así o vivimos. Pero o mellor veu despois, en Casa, entre as catro paredes que saben dos ensaios, o traballo e o esforzo. Alí estábamos citados sen saber moi ben para que. E pagou a pena, e vaia se a pagou! Porque David, o noso director, deunos a noraboa, non polo ben que o fixeramos, que tamén, senón polo bos que chegaremos a ser e só nos pediu entusiasmo e traballo para o lograr. Tomamos patatas fritidas e outros petiscos, brindamos con bebidas varias, algúns incluso con champán, e cerramos a con alegría a xornada ■

Rosario Barros



/ A destacar... /

Axenda

• 22 de febreiro.

LACONADA. Centro Sociocomunitario do Barrio das Flores. Prezos: 15€ adultos, 7,50€ nenos.
Horario: 14:00 horas.

* IMPORTANTE: Non esquezades os disfraces ■

• 25 de abril.

FESTIVAL 37º ANIVERSARIO. C. C. de Os Mallos.
Entrada gratuita. Horario: 17:30 ■

/ Non perdas... /

Improvisación teatral

A nova actividade de Improvisación Teatral será os luns, ás 20:30h, co monologuista Igor Vizoso como monitor.

"A improvisación é unha técnica escénica que nos permite contar historias que acontecen e se desenvolven no momento de seren actuadas. Todos os días obtemos un resultado diferente, non hai guión nin elementos técnicos, só a imaxinación e a destreza dos actores ou improvisadores. Imos xogar coa imaxinación, creando historias orixinais, creativas e espontáneas, traballando en equipo e confiando no compañoiro"

Igor Vizoso

II Certame de Fotografía Fernando Pombo

Un ano máis, a Asociación Cultural Tanxedoira organiza o Certame de Fotografía Fernando Pombo. Este certame ten como propósito principal honrar a figura do noso benquerido Fernando, celebrando o seu amor pola arte, en especial as artes fotográficas, e mantendo viva a sua filosofía altruista, moi presente en Tanxedoira. Nesta segunda edición do concurso manterase a temática musical que marcou á edición inaugural do 2014. Haberá dúas categorías divididas por idades, unha infantil (menores de 14 anos) e outra para adultos (maiores de 14 anos). O prazo de presentación comeza o próximo 14 de febreiro tendo como data límite o día 31 de maio, ás 23:59h. O 14 de febreiro publicaránse as bases do certame a través do noso blogue (<http://tanxedoira.blogspot.com.es>) e serán enviadas aos socios mediante correo electrónico. Ademáis, haberá unha copia das mesmas no taboleiro de avisos do noso local.